

“PLAN DE CONTINXENCIA DO CEIP LABARTA POSE”

O Plan de Continxencia do CEIP Labarta Pose ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ DUN ABROCHO

1. **Non asistirán ao centro** aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan **síntomas compatibles con COVID-19**, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.
2. Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia e levarase a un **espazo separado de uso individual**, colocaráselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado.
3. Débese **chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS** e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
4. No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a **persoa coordinadora** do equipo formado na COVID-19 **contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade** para comunicarllo. Será a propia Xefatura Territorial de Sanidade quen investigará os contactos que existan dentro do centro e os identificará, enviando a listaxe de contactos á Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Estas terán a consideración de contactos estreitos dun caso de Covid-19 e deberán estar en corentena no seu domicilio durante o período que sinala a xefatura de sanidade.
- 5 **A familia** dun neno ou nena con **sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra** para que este avalíe a necesidade de **solicitude dun test diagnóstico**. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.
6. **Tras a aparición dun caso** diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que **estar illada unha parte do centro educativo** (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho.
7. **A autoridade sanitaria**, en coordinación coa Consellería de Educación determinará en cada caso o **número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena** o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

8. **A autoridade sanitaria**, en función do número de contaxios, **poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas**, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade con seguintes supostos:

- A aparición **dun único caso** confirmado nunha aula poderá supoñer a **entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e do profesorado asignado** a ese grupo.
- Cando exista unha detección de **3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días** poderase acordar a medida do **peche do nivel educativo completo** onde xurdira o abrocho **ou**, de ser o caso, **da totalidade do centro educativo**.

9. A aparición dun **contaxio sospeitoso con posterior confirmación** é un suposto de **declaración obrigatoria** que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de **entrada en corentena de polo menos 10 días** a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo.

10. **A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación** das normas previstas no presente protocolo relativas ao **ensino a distancia**. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

11. **O ensino non presencial** será impartido polo **profesorado ordinario** do alumnado preferentemente **a través da aula virtual** de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles achegados polo profesorado. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforzen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

12. **O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión** ou falla de equipamento para que a Consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

13. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

14. **Durante o período de suspensión** da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes **medidas**:

a) **Manter o contacto permanente co alumnado** e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia.

b) **Actualizar a aula virtual** dos niveis afectados para garantir a continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe.

c) **Realizar tarefas de desinfección** profundas no centro.

d) **Revisar o protocolo** para buscar posibles erros e facer as modificacións que se estimen oportunas.

e) **Coordinar** co profesorado implicado as **quendas** de organización das fases.

MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

15. Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva.

As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluído en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.

Sen prexuízo das medidas xenéricas establecidas no protocolo aprobado polas Consellerías de Educación e Sanidade o centro ten previsto as seguintes fases de reincorporación:

Fase 1 (Adecuación dos espazos)

Duración: (por determinar) Aínda que pode ter unha duración variable, aconséllase que sexa dunha semana. Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, será o equipo COVID do centro quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.

Obxectivos:

- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.
- Desinfección de todos os espazos
- Revisión do plan de adaptación buscando posibles erros na redacción ou na execución.

Fase 2 (Formación de pequenos grupos)

Duración: 1 semana

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 33 % en grupos de máis de 20 alumnos e do 50% en grupos de menos de 20 alumnos

Obxectivos:

- Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.
- Combinar o ensino presencial e a distancia.
- Revisión das actividades realizadas no período de ensino telemático.
- Avaliación desa etapa.

Fase 3 (Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos)

Duración: (3 xornadas lectivas)

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 50 % en grupos de máis de 20 alumnos e do 100% en grupos de menos de 20 alumnos

Obxectivos:

- Comprobar a adquisición das medidas adquiridas en pequeno grupo
- Empregar o ensino presencial para resolver dúbidas e poñer en práctica os contidos expostos na aula virtual,

Fase 4 (Fase de reactivación)

Duración: (2 xornadas lectivas)

Retorno á actividade presencial da totalidade do alumnado

Obxectivos:

- Realizar unha avaliación do desenvolvemento das fases
- Comprobar o grao de adquisición do traballado.
- Realizar unha avaliación sobre os contidos adquiridos neste período.
- Volver á dinámica de clases presenciais, pero sen abandonar o emprego da aula virtual para as tarefas e para complementar as aprendizaxes na casa.

PLAN DE ENSINO VIRTUAL

1. ORGANIZACIÓN DO HORARIO PARA O ENSINO A DISTANCIA

A actividade lectiva non presencial será impartida polo profesorado ordinario do alumnado a través das ferramentas disponibles:

- Plataforma de videoconferencia institucional, **WEBEX**, que permite a interacción en tempo real, compartir contidos e a realización de exercicios.
- Aula virtual: espazos dixitais de traballo que permiten dispoñer dun espazo web on line para organizar os contidos das unidades didácticas.

Horario espello para o ensino a distancia de E. Infantil e E. Primaria:

a. 4º de E. Infantil

	LUNS	MARTES	MÉRCO.	XOVES	VENRES
1ª					
2ª	GLOBAL	GLOBAL	RELIXIÓN	GLOBAL	GLOBAL
			MÚSICA		
3ª	GLOBAL	INGLÉS	GLOBAL	GLOBAL	GLOBAL
		EL			
4ª					
5ª					

b. 5º de E. Infantil

	LUNS	MARTES	MÉRCO.	XOVES	VENRES
1ª		AL 9:30-10:00	PT 9:30-10:00		PT 9:30-10:00
2ª	GLOBAL	RELIXIÓN MÚSICA	GLOBAL	GLOBAL	GLOBAL
3ª	GLOBAL	ESTIMULACIÓN LINGÜÍSTICA	GLOBAL	GLOBAL	GLOBAL
4ª					AL 12:00-12:30
5ª					

c. 6º de E. Infantil

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1º 9:30-10:20					
2º 10:20-11.10	TITORÍA PARA FAMILIAS	GLOBALIZADO	GLOBALIZADO	GLOBALIZADO	RELIXIÓN
3ª 11:10-12:00	GLOBALIZADO	GLOBALIZADO	GLOBALIZADO	MÚSICA	INGLÉS
4ª 13:00-13:45					

d. 1º de E. Primaria

HORARIO ESPELLO 1º PRIMARIA					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30-10:30	MATEMÁTICAS (1/2)	LENGUA (1/2)	MATEMÁTICAS (1/2)	LINGUA(1/2)	SOCIAIS/NATURAIS (1/2)
10:30-11:30	MATEMÁTICAS (1/2)	LENGUA (1/2)	MATEMÁTICAS (1/2)	LINGUA (1/2)	SOCIAIS/NATURAIS (1/2)
11:30-12:00	R E C R E O				
12:00-12:30	TITORÍA	INGLÉS(1/2)	VALORES	E.F. (1/2)	MÚSICA/PLÁSTICA(1/2)
12:30-13:00	TITORÍA	INGLÉS(1/2)	RELIXIÓN	E.F. (1/2)	MÚSICA/PLÁSTICA(1/2)
13:00-13:30					
13:30-14:00					

e. 2º de E. Primaria

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30-10:30	MATEMÁTICAS / LINGUA(1/2)	MATEMÁTICAS / LENGUA(1/2)	MATEMÁTICAS / LINGUA(1/2)	MATEMÁTICAS / LENGUA(1/2)	MATEMÁTICAS / LINGUA(1/2)
10:30-11:30	MATEMÁTICAS / LINGUA(1/2)	MATEMÁTICAS / LENGUA(1/2)	MATEMÁTICAS / LINGUA(1/2)	MATEMÁTICAS / LENGUA(1/2)	MATEMÁTICAS / LINGUA(1/2)
11:30-12:00	RECREO				
12:00-12:30	MÚSICA/PLÁSTICA (1/2)	E.F. (1/2)	C. NATUREZA C.SOCIAIS (1/2)	INGLÉS(1/2)	VALORES
12:30-13:00	MÚSICA/PLÁSTICA (1/2)	E.F. (1/2)	C. NATUREZA C.SOCIAIS (1/2)	INGLÉS(1/2)	RELIXIÓN
13:00-13:30		TITORIA			
13:30-14:00		TITORIA			

f. 3º de E. Primaria

		LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:30-10:30	09:30	Mate	Mate	Mate	L.G.	Mate
	10:00					
	10:00	L.C.	L.C.	L.G.	L.C.	L.G.
10:30-11:30	10:30	C.S.	L.G.	C.S.	C.N.	L.C.
	11:00					
	11:00	Tarefas	C.N.	Tarefas	Tarefas	C.S.
11:30-12:00	11:30	DESCANSO				
	12:00					
12:00-13:00	12:00	Inglés	Valores	Inglés	Música	Inglés
	12:30					

	12:30	E.F.	Relixión	Tarefas	Plástica	Tarefas
	13:00					
13:00-14:00	13:00	Tarefas	Tarefas	E.F.	Tarefas	Tarefas
	13:30					
	13:30	Tarefas	Tarefas	Tarefas	Tarefas	Tarefas
	14:00					
TARDE	15:30		Titoría			
	16:30		familias			

g. 4º de E. Primaria

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30-10:00	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	LENGUA	MATEMÁTICAS
10:00-10:30	LENGUA	LENGUA	LENGUA	SOCIAIS	LINGUA
10:30-11:00	LINGUA	NATURAIS	LINGUA	LINGUA	NATURAIS
11:00-11:30			L.C. APOIO ÁS LINGUAS	VALORES	SOCIAIS
11:30-12:00	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
12:00-12:30	E.F.	MÚSICA			
12:30-13:00	INGLÈS	PLÁSTICA	INGLÈS	RELIXIÓN	INGLÈS
13:00-13:30				EF	

h. 5º de E. Primaria

	QUINTO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA - DOCENCIA VIRTUAL				
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30 a 10:00	MATEMÁTICAS	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	MATEMÁTICAS	LINGUA GALEGA E LITERATURA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA
10:00 a 10:30	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	LINGUA GALEGA E LITERATURA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS
10:30 a 11:00	CIENCIAS NATURAIS	MATEMÁTICAS	LINGUA GALEGA E LITERATURA	CIENCIAS NATURAIS	LINGUA GALEGA E LITERATURA
11:00 a 11:30	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS	CIENCIAS SOCIAIS		CIENCIAS SOCIAIS	
11:30 a 12:00	RECREO				
12:00 a 12:30					PLE: INGLÉS
12:30 a 13:00	PLE: INGLÉS			PLE: INGLÉS	ED. FÍSICA
13:00 a 13:30	RELIXIÓN	ED. FÍSICA	MÚSICA		
13:30 a 14:00			PLÁSTICA		
15:30 a 16:00		SESIÓN DE TUTORÍA PARA NAIS E PAIS			
16:00 a 16:30					

i. 6º de E. Primaria

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:30 10:00	Matemática	Matemática	Matemáticas	Matemática	Matemática
10:00 10:30	Lengua	Lingua	Lengua	Lingua	Lengua
10:30 11:00	Sociais	Naturais	Lingua	Sociais	Naturais
11:00 11:30			Valores	Libre Configur.	Sociais
11:30 12:00	DESCANSO				
12:00 12:30					E.F.
12:30 13:00					
13:00 13:30	Inglés	Plástica	Inglés	Inglés	
13:30 14:00	Música	E.F.	Relixión		
15:30 16:30		Titoría familias			

j. Educación Física

HORARIO ESPELLO					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
RECREO					
12:00-12:30	E.F 4º	E.F 2º (1/2)	CIENCIA S 2º (1/2)	E. F 1º (1/2)	E.F 6º
12:30-13:00	E.F 3º	E.F 2º (1/2)	CIENCIA S 2º (1/2)	E. F 1º (1/2)	E.F 5º
13:00-13:30		E.F 5º	E.F 3º	E.F 4º	
13:30-14:00		E.F 6º			

k. Inglés

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
11:00-11:30		3 anos			
11:30-12:00		4 anos			5 anos
12:00-12:30	3º	1º	3º	2º	3º
12:30-13:00	4º	1º	4º	2º	4º
13:00-13:30	6º	Plástica 6º	6º	6º	
13:30-14:00					

I. Educación Artística

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
11:00 11:30					
11:30 12:00		4 anos	3 anos	5 anos	
12:00 12:30	2º (1/2)	4º		3º	1º (1/2)
12:30 13:00	2º (1/2)	4º		3º	1º (1/2)
13:00 13:30			5º		
13:30 14:00	6º		5º		

m. Relixión

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
11:00 11:30		4 anos	3 anos		5 anos
11:30 12:00					
12:00 12:30					
12:30 13:00		3º	1º	4º	2º
13:00 13:30	5º				
13:30 14:00			6º		

n. Orientación

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30 10:00	MATE 6ºEP	MATE 6ºEP		MATE 6ºEP	
10:00 10:30					
10:30 11:00					
11:00 11:30	APOIO MATE 4º	APOIO MATE 4º		TITORÍA ALUMNADO	
11:30 12:00	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
12:00 12:30	ATENCIÓN TITORES/AS	TITORÍA FAMILIAS		DO	
12:30 14:30	TITORÍA ALUMNADO	ATENCIÓN TITORES/AS		TITORÍA ALUMNADO	

o. AL

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30 10:00		INF 4 ANOS		(L.C.) 4ºEP	(L.C.) 5º EP (ACS)
10:00 10:30		(L.G) 5º EP (ACS)		5º EP (ACS)	(L.G.)
10:30 11:00		(L.G) 3ºEP (ACS)		(L.G) 4ºEP	(L.C.) 3ºEP
11:00 11:30		4ºEP		(L.C.) 3º EP	(C.S) 3ºEP
11:30 12:00	RECRO	RECRO	RECRO	RECRO	RECRO
12:00 12:30		TITORÍA FAMILIAS		DO	INF 4 ANOS
12:30 14:30					

p. PT

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30 – 10:00	(MATES) 3º EP(RE)	(LENGUA) 5º EP (ACS)	INF 4 ANOS	(LG) 3ºEP (ACS)	INF 4 ANOS
10:00 – 10:30	(L.C) 3ºEP (ACS)	(L.C) 3ºEP (ACS)	(L.G) 3ºEP (ACS)	3ºEP (ACS)	(DISLEXIA-LG) 3º EP
10:30 – 11:00	(MAT .) 1ºEP	(DISLEXIA) 3º EP	(MATEM) 1ºEP	(LINGUA) 1ºEP	(L.C) 3ºEP (ACS)
11:00 – 11:30	(MAT.) 1º EP	(LENGUA) 1º EP	(MAT.) 1º EP	(SOCIAIS) 5º EP (ACS)	(LINGUA) 1º EP
11:30- 12:00	DESCANSO	DESCANSO	DESCANSO	DESCANSO	DESCANSO
12:00 – 12:30	5º EP (ACS)	TITORÍAS FAMILIAS	5º EP (ACS)	DO	(INGLÉS) 5º EP (ACS)

q. Apoio de E. Infantil

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
11:00 11:30		4 anos			5 anos
11:30 12:00		3 anos			
12:00 12:30					
12:30 13:00					
13:00 13:30					
13:30 14:00					

2. INSTRUCCIÓN NO CASO DE PECHE OU CONFINAMENTO.

O mesmo día do peche a dirección do centro enviará unha comunicación a través da aplicación abalarMóbil e publicará unha nova na páxina web do centro.

Ademais, habilitará na aula virtual do centro os recursos e actividades iniciais e trasladará orientación ás familias a través da aula virtual.

Durante o ensino non presencial impartirase docencia a través da plataforma de videoconferencia institucional (Webex) e a aula virtual.

O profesorado e o alumnado do grupo deberán conectarse á hora que se establece no cadro horario. O momento da conexión debe establecerse coa antelación suficiente para o aproveitamento do período lectivo.

As tarefas para o alumnado asemellaranse o máximo posible ao sistema presencial, respectando o seu dereito ao lecer e ao descanso.

A titora ou titor informará ás familias do alumnado das normas que se establezan polo centro para esta modalidade de ensino-aprendizaxe, así como do control diario de asistencia.

A titora manterá titorías coas familias a través da plataforma de videoconferencia Webex ou abalar móbil.

Na distribución horaria establécerase unha sesión de titoría para as familias.

3. DISTRIBUCIÓN DE MEDIOS INFORMÁTICOS EN FUNCIÓN DAS NECESIDADES PARA O SEGUIMIENTO DA ACTIVIDADE LECTIVA.

O mesmo día do peche o equipo directivo afrontará cos seus propios recursos tecnolóxicos as necesidades TIC máis perentorias do centro.

Unha vez atendidas as necesidades iniciais, a directora trasladará con carácter de urxencia á Inspección Educativa as necesidades priorizadas de equipos que queden sen cubrir.

A Inspección trasladará á Amtega estas necesidades para a súa cobertura inmediata.

Os equipamentos entregaranse ao centro educativo, que será o responsable da organización da entrega ás familias e posterior recollida.

Unha vez superada a situación de confinamento, no prazo máximo de 3 días o propio centro deberá recoller todos os equipos cedidos para o seu traslado aos servizos centrais.

4. AVALIACIÓN E CONTROL DO ALUMNADO

A dirección do centro, a través, da xefatura de estudos, requirirá ao final de cada semana, unha relación daquelas actividades que realizou o profesorado co alumnado no horario establecido.

A orientadora do centro velará polo cumprimento do Plan Xeral de Atención á Diversidade e coordinará a atención ao alumnado con necesidades educativas especiais.

a. 4º de E. Infantil

A avaliación adaptarase, tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes observadas e desenvolvidas durante o tempo transcorrido na ensinanza presencial, así como a observación indirecta e sistemática a través da comunicación fluída e periódica das familias, así como sobre as distintas actividades multinivel que se mandan para casa a través da aula virtual

b. 5º de E. Infantil

O proceso de avaliación levarase a cabo tendo en conta as aprendizaxes observadas durante a ensinanza presencial así como tamén mediante a observación indirecta e sistemática a través da comunicación periódica coas familias e a análise dos traballos dos nenos en base ás propostas educativas colgadas na aula virtual.

c. 6º de E. Infantil

Como se recolle na *Orde de 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo de educación infantil*, a avaliación na educación infantil constituirá unha práctica habitual e permanente do profesorado que facilita a toma de decisión encamiñadas á mellora dos procesos de ensino e aprendizaxe. Esta avaliación que forma parte inseparable do proceso educativo, será global, continua e formativa.

d. 1º de E. Primaria

Ao igual que no ensino presencial levarase a cabo un control de asistencia do alumnado, controlando a conectividade nas sesións de videoconferencias.

En canto á avaliación, pediráselles ao alumnado a realización de todas as tarefas propostas, asistencia a todas as videoconferencias e a entrega

dalgún traballo ou ficha de control que se considere oportuno, segundo a materia.

Para a avaliación positiva teranse en conta todos estes aspectos, valorando tamén o esforzo e actitude na realización das tarefas propostas.

e. 2º de E. Primaria

Na seguinte táboa recóllense os procedementos de avaliación relacionándoos cos instrumentos e criterios de cualificación que se utilizarían para avaliar as diferentes áreas.

PROCEDEMENTOS

INSTRUMENTOS:

Escritos	Orais	Observación directa e sistemática	Outros
Tarefas diversas realizadas polo alumnado na actividade diaria da aula.□	Participación do alumno/a e intervencións na aula□	Escalas.□ Fichas de rexistro individual.	Rúbricas: empregaríanse só nalgúns criterios de avaliación fundamentais nas áreas instrumentais (por exemplo en comprensión lectora, lectura, escritura, cálculo, resolución de problemas).
Caderno de clase do alumno/a□	Probas orais individuais.□		
Probas de avaliación: escritas (tipo test, de preguntas pechadas, abertas)□	Lecturas expresivas□ Preparación en grupo de actividades colectivas.		
Traballos grupais.□			
Resolución de exercicios e problemas			

f. 3º de E. Primaria

Na seguinte táboa recóllense os diferentes procedementos de avaliación relacionándoos cos instrumentos e criterios de cualificación que se utilizarían para avaliar as diferentes áreas.

	PROCEDEMENTOS		
	ESCRITOS	ORAIS	OBSERVACIÓN DIRECTA E SISTEMÁTICA
INSTRUMENTOS	<ul style="list-style-type: none"> - Tarefas diversas realizadas polo alumnado na actividade diaria - Caderno do alumno/a - Traballos - Resolución de exercicios e problemas - Actividades de expresión escrita - Actividades interactivas 	<ul style="list-style-type: none"> - Participación do alumno/a - Postas en común - Lecturas expresivas 	<ul style="list-style-type: none"> - Escalas - Listas de control - Rexistros - Ficha rexistro individual

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	VALORACIÓN	INSTRUMENTOS EMPREGADOS
Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvolvidas na unidade.	60%	-Rúbricas en aspectos fundamentais: (comprensión, expresión...)

Realización do traballo: -Realización axeitada do traballo. -Presentación do caderno. -Realización e presentación de fichas.	20%	-Caderno e libros -Fichas -Rexistro de actividades
Realización do traballo da casa: deberes e traballos específicos.	10%	-Valoración de traballos específicos.
Valoración de actitudes no ensino virtual: -Escoita -Participación -Esforzo -Colaboración	10%	-Rexistros variados (de participación, actitude,...)

g. 4º de E. Primaria

Todos os días levarei o control do alumnado que non está conectado.

Ao final de cada semana entregarei á xefatura de estudos unha relación das actividades que se realizaron co alumnado no horario establecido.

Avaliarei os traballos que o alumnado me vaia enviando a través da aula virtual.

Terei en conta:

- Realización axeitada do traballo
- Presentación do caderno
- Realización e presentación de fichas.

Valoración de actitudes:

- Escoita
- Participación
- Esforzo

-Colaboración

h. 5º de E. Primaria

O control de asistencia desenvolverase diariamente ao inicio de cada xornada lectiva, verificando a presenza de todo o alumnado ao comezo da docencia virtual por videoconferencia. O rexistro da asistencia farase coas ferramentas habituais (XADE).

Ao tratarse quinto dun curso no que se está a traballar a cotío a través da plataforma Edixgal, a transición cara unha docencia totalmente virtual resulta menos gravosa. No referido á avaliación, os diferentes procedementos de avaliación principais relaciónanse cos instrumentos de avaliación e os criterios de cualificación do seguinte xeito:

Procedementos	Instrumentos	Criterios de cualificación
Observación directa e valoración do comportamento e da atención durante as sesións de docencia por videoconferencia.	Diario de aula.	10 %
	Listas de cotexo e escalas de apreciación.	
Observación directa e valoración da participación e o desempeño académico durante as sesións de docencia por videoconferencia (incluídas exposicións orais, debates, etc.).	Diario de aula.	25%
	Listas de cotexo e escalas de apreciación.	
Análise e valoración das tarefas a realizar e entregar online a través da plataforma Edixgal (incluídos ensaios, traballos de produción propia, etc.).	As propias tarefas cos seus respectivos criterios de corrección.	65%

Como procedemento de control da avaliación, ao final de cada semana, entregarase á xefatura de estudos unha relación das actividades que se realizaron co alumnado no horario establecido.

i. 6º de E. Primaria

Realizarase unha observación directa (durante as videoconferencias) , probas orais, análise dos debates, exposicións orais do traballo realizado (sempre que a calidade da conexión o permita, pois o curso pasado os netbooks e o ordenador Edixgal da titora non permitía o funcionamento da cámara con normalidade), formularios, recompilación das tarefas realizadas e entregadas e titorías co alumnado e coas familias, a través da plataforma de videoconferencia Webex ou polo correo electrónico facilitado ás mesmas . Levaranse rexistros de participación, diario de cada alumno/a, listas de control, rúbricas, exercicios e actividades, cuestionarios online, textos de produción propia que serán enviados polo alumnado por medio da plataforma E-dixgal para poder realizar a súa corrección e o seu posterior reenvío.

Levarase tamén control da asistencia ás clases online

j. Educación Física

Ao igual que no ensino presencial levarase a cabo un control de asistencia do alumnado, controlando a conectividade nas sesións de videoconferencias.

En canto á avaliación, pediráselles ao alumnado a realización de todas as tarefas propostas e asistencia a todas as videoconferencias. **De non ter conectividade propóranse outras vías de comunicación ou tarefas.**

Poderánse presentar baterías de preguntas feitas en Moodle.

As tarefas serán avaliadas de ser presentadas nos prazos e forma que se solicitan.

k. Inglés

Cada semana levarase un control de asistencia as videoconferencias. Terase en conta aquel alumnado que por problemas de conexión non poida participar. Ao final de cada semana farase chegar a xefatura as actividades levadas a cabo e participación do alumnado.

Estaremos en contacto coa familia a través de abalar móbil, o teléfono e terán o correo: ingleslabartpose@hotmail.com para poñerse en contacto comigo.

Para a avaliación terase en conta as actividades feitas polo alumnado. Levarase un rexistro das actividades propostas e da participación do alumnado.

l. Educación Artística

Cada semana levarase un control de asistencia as videoconferencias. Terase en conta aquel alumnado que por problemas de conexión non poida participar. Ao final de cada semana farase chegar a xefatura as actividades levadas a cabo e participación do alumnado.

Estaremos en contacto coa familia a través de abalar móbil, o teléfono e terán o correo.

Para a avaliación terase en conta as actividades feitas polo alumnado. Levarase un rexistro das actividades propostas e da participación do alumnado.

m. Relixión

Cada semana levarase un control de asistencia as videoconferencias. Terase en conta aquel alumnado que por problemas de conexión non poida participar. Ao final de cada semana farase chegar a xefatura as actividades levadas a cabo e participación do alumnado.

Estaremos en contacto coa familia a través de abalar móbil, o teléfono e terán o correo.

Para a avaliación terase en conta as actividades feitas polo alumnado. Levarase un rexistro das actividades propostas e da participación do alumnado.

n. Orientación

Os membros do departamento de orientación aportarán aos titores/as correspondentes ,ao final da semana a evolución do seu alumnado recollida nas nosos rexistros; asistiu, cómo foron as sesións, participou, dificultades atopadas, etc para levar a cabo unha liña de traballo común e que a nosa labor sexa eficaz.

o. Apoio de E. Infantil

A avaliación realizarase tendo en conta as aprendizaxes adquiridas e observadas durante o ensino presencial e mediante a observación indirecta e sistemática a través da comunicación coas familias e as actividades realizadas.

5. REALIZACIÓN DE ACCIÓNS FORMATIVAS PARA O ENSINO A DISTANCIA.

Todo o profesorado realizou actividades de información e formación para que o alumnado puidera utilizar con efectividade os medios telemáticos de comunicación co alumnado e coas súas familias e a aula virtual, na cal está matriculado todo o alumnado do colexio.

Todo o profesorado do centro realizou o curso de *Actualización de ferramentas tecnolóxicas para docentes*, está pendente dunha formación a través dun *Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP)* e do 12 ao 30 de novembro realizarase o *curso Aproveitamento Didáctico de Ferramentas Institucionais para o Ensino Mixto*.